



AUTORIZACIÓN PARA A VALORIZACIÓN DE LODOS NO ÁMBITO DO SECTOR **AGRARIO**

OBXECTO

Autorizar as actividades de xestión de residuos para a valorización de lodos no sector agrario.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Real decreto 1310/1990, do 29 de outubro, polo que se regula a utilización dos lodos de depuración no sector agrario.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia.
- Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia.
- Orde AAA/1072/2013, de 7 de xuño, sobre utilización de lodos de depuración no sector agrario.

ÓRGANO QUE TRAMITA

Servizo de Resíduos - Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Formulario de solicitude de autorización para tratamento – MT975B (**anexo I**).
- Datos relativos a cada centro de traballo no que se vai realizar a actividade de aplicación no sector agrario, declaración do tipo de residuo e cantidade estimada de residuos que se ten previsto xestionar anualmente, coa súa identificación segundo o anexo 1 da Orde/MAM/304/2002, do 8 de febreiro (**anexo II-X**).
- Os residuos a tratar deberán estar contemplados no artigo 3 do Decreto 125/2012.
- Número de identificación fiscal (NIF) da empresa ou, se é o caso, do solicitante (só no caso de non autorizar a consulta).
- Acreditación da representación da persoa xurídica con copia da escritura notarial da representación debidamente inscrita no rexistro mercantil.
- Proxecto técnico e de explotación, co contido mínimo do anexo VI do Decreto 174/2005, do 9 de xuño (en papel e en formato dixital).
- O tratamento de lodos que se vaia desenvolver deberá corresponder a algúns dos contemplados no anexo II do Decreto 125/2012.
- Ficha de características da planta de tratamento (Anexo IV do Decreto 125/2012, cumprimentado - MT985B), xunto cunha análise do produto ou produtos finais, que inclúa, como mínimo, os parámetros recollidos no citado Anexo IV.
- Un exemplar do **Anexo V-a** do Decreto 125/2012 (MR517A), por cada un dos titulares/explotadores que lle ceden as súas fincas para tal fin, así como as análises das mostras do solo recollidas nelas e tomadas segundo o protocolo que vén recollido no punto 2 do anexo VII do Decreto.
- No caso de querer incluír residuos distintos dos lodos de depuradora aos que se refire o artigo 3.2 do Decreto 125/2012, **anexo VI** (MT985C), xunto cunha análise que recolla, como mínimo, as determinacións analíticas que constan no derradeiro apartado do anexo.
- Xustificante do pago da **taxa** administrativa.

OUTROS DOCUMENTOS

- Requirirase a constitución dunha **fianza** para responder dos posibles danos que se poidan causar ao ambiente e do seu custo de restauración, así como para garantir o cumprimento de todas as obrigas que fronte á Administración se deriven do exercicio da actividade. A fianza deberase depositar na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.



A fianza calcularase segundo o establecido na *Orde do 16 de xaneiro de 2007 pola que se fixan os criterios de cálculo para a determinación da fianza nas actividades determinadas no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Galicia*, en función das toneladas de residuos producidos anualmente.

A empresa poderá reducir a contía da fianza presentando un certificado da existencia dun sistema de xestión medioambiental acreditado (EMAS, ISO 14001), no caso de que o teña implantado ou un xustificante de ter constituído un seguro de responsabilidade civil.

O seguro será válido para a redución da fianza sempre cando se constitúa segundo o disposto no artigo 15 do Decreto 174/2005, e cubra o risco de indemnización polos posibles danos causados a terceiras persoas ou ás súas cousas, derivado do exercicio das actividades obxecto da autorización administrativa. En todo caso, o seguro debe cubrir:

- As indemnizacións debidas por morte, lesións ou enfermidades das persoas.
- As indemnizacións debidas por danos ás cousas.
- Os custos de reparación e recuperación do ambiente alterado.

Ligazón para a consulta do modelo de aval: <https://sirga.xunta.gal/fianza-ambiental-tramite>

- De solicitarse residuos aos que se refire o artigo 3.3 do Decreto 125/2012, para avaliar a aptitude do residuo proposto para ser incorporado a dixestatos ou compost de aplicación ao solo, a Subdirección Xeral de Residuos solicitará informe preceptivo e vinculante á Subdirección Xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias, que para a súa elaboración poderá exixir unha caracterización físico-química exhaustiva do residuo ou rexeitalo directamente para o seu uso agrario se considera que non xunta os requisitos previstos no Decreto.

FORMULARIOS

- MT975B
- MT985B
- MR517A
- MT985C

PAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Durante todo o ano.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

De conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, as solicitudes poderán presentarse:

- No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1. A estes efectos poderá empregarse a sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/portada>).

De conformidade co previsto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 e co artigo 10.1 da Lei 4/2019, en todo caso estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

- As persoas xurídicas.
- As entidades sen personalidade xurídica.
- Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.
- Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.
- Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.
- Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

TAXAS

Datos xerais: <http://sirga.xunta.gal/taxas-administrativas>

Código: 32.52.03

Concepto: Autorización de xestor de residuos para actividades de almacenamento, valorización e eliminación de residuos.



ÓRGANO QUE RESOLVE

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

PRAZO DE RESOLUCIÓN

Dez meses.

EFFECTOS DO SILENCIO

Desestimatorio.

FIN DE VÍA ADMINISTRATIVA

A resolución NON pon fin á vía administrativa.

RECURSOS / RECLAMACIÓN

Recurso de alzada.

OBSERVACIÓN

A autorización concederanse, de ser o caso, previa comprobación das instalacións en que se vaia desenvolver a actividade (inspección ambiental). Para iso, o interesado comunicará a fin das obras da instalación, achegando certificado acreditativo.

NOTA

Esta información ten unicamente carácter orientativo, polo que non substitúe nin modifica as disposicións normativas que regulan os diferentes procedementos administrativos nin, en consecuencia, pode dar orixe a dereitos ou obrigas que non se atopen contempladas na regulamentación específica.

Última modificación: xuño 2021